

PLENARIO DE EN MAREA

13 DE XULLO DE 2019

Emendante/s:

Manoel Barbeitos Alcántara

Documento que se emenda: (Marcar cun *)

- (*) Tese política: Apuntes para o futuro político dende a marea
- () Documento organizativo: Afondar nos acordos de Vigo
- () Regulamento para o Plenario das Mareas
- () Regulamento para a elección do Consello das Mareas

Páxina/s: 6/10

Liña/s: 229/385

Tipo de emenda emenda: (Marcar cun *)

- () Eliminación
- (*) Substitución
- () Engádega

Texto da emenda:

UN NOVO RUMBO PARA A MAREA

Agora é o tempo de tomar nota do cambio de ciclo político, que non debemos esquecer iniciouse coa moción de censura e continuou coas eleccións xerais e municipais que tanto supuxeron a derrota dos principais partidos das dereitas (PP, Cs) como a configuración dunha maioría política de esquerdas que si ben lidera o PSOE ten unha presenza relevante doutras forzas que aparecen como imprescindibles para un real cambio político e social.

Neste novo escenario é necesario deixar atrás as tensións orgánicas e recuperalo rumbo así como ver de que cambios e axustes son necesarios caro o horizonte: **as eleccións autonómicas do 2020**. Evento fronte ao cal so cabe un obxectivo: **substituír ao fronte da Xunta a actual maioría conservadora por unha nova maioría política de cambio e progreso**.

Unha recuperación de rumbo que esixe cambios tanto a nivel político como, moi posiblemente de estratexia e táctica políticas. Unha recuperación do rumbo que supón unha nova etapa.

Unha nova etapa na que temos que aceptar que xa **non somos a orixinal EN MAREA** que, entre outras, era a forza maioritaria da oposición ao tempo que contaba con importantes mareas municipais de indiscutible relevancia política en Galicia. Agora somos un suxeito político moito mais pequeno, con moita menos incidencia no escenario político, con serios riscos de desaparición se non somos quen de atopar o noso espazo e a nosa ruta. Se non somos quen de atopar o noso lugar na historia presente de Galicia. Compre, xa que logo, **definir as bases do novo suxeito**.

BASES PARA UN NOVO RUMBO

1. Bases ideolóxico-políticas

a) **Soberanía política:** o obxectivo estratéxico central debe sela **loita política pola soberanía política de Galicia**. Unha soberanía que non debe confundirse con independencia e que se concibe como un proxecto político que defende a idea dunha Galicia aberta, plural, moderna, inclusiva, non dogmática, descritiva e non prescritiva.

Un proxecto político nacional desta natureza non rexeita senón que busca tecer **alianzas horizontais** con espazos políticos de todo o Estado español na procura do afianzamento dun sentimento de plurinacionalidade que poda ser recoñecido por todas, co obxectivo de recuperación do autogoberno perdido por Galicia e as ademais nacións do Estado.

Unha estratexia tal esixe dun esforzo superior ao que o novo suxeito político pode por si mesma aportar. Precisa, xa que logo, de **alianzas a nivel galego** que se han de estender a tódolos eidos da actividade política, social e cultural: parlamento, concellos, tecido social, mundo cultural, ... Unha alianza que debe ser portadora e propulsora dun grande debate político e ideolóxico a nivel galego no marco do soberanismo.

b) **Democracia social:** na defensa dunha democracia social para Galicia será preciso:

1. O recoñecemento e defensa dos puntos comúns na **diversidade social** que vertebran o discurso progresista amplo. Na defensa do vértice esquerdo do espazo progresista, debemos aspirar ser o núcleo do espazo progresista en Galicia.

2. Un discurso claro contrario a desigualdade social que debe poñer un acento especial no **feminismo**. A marca de encontro común na transversalidade nos valores sociais é o feminismo, e dende ela o resto de manifestacións emancipadoras da igualdade, de xeito que todo o discurso se desenvolve partindo delas e recoñecéndolas como presuposto material da liberdade en calquera das súas manifestacións, pois non recoñecemos a liberdade en ausencia de condicións materiais mínimas de igualdade de oportunidades.

3. Non hai democracia social sen igualdade social. Unha das bases da crecente desigualdade en Galicia, como en España, a crecente **desigualdade das rendas**. A loita contra esa desigualdade, que ten causas políticas (fiscais, salariais, ...) debe ser tamén unha prioridade da nova organización. Unha loita que precisa da cooperación cos representantes lexítimos das clases traballadores como, por caso, o movemento sindical.

4. Non hai democracia nin igualdade sociais sen un **estado de benestar suficiente**. Cara este obxectivo debemos defender que se deseñen políticas públicas que se dirixan a situar a Galicia entre as comunidades europeas mais desenvolvidas a nivel de benestar.

c) **Loita contra o cambio climático:** Hoxe xa case ninguén discute que, como consecuencia da actividade humana, o deterioro do medio ambiente está acadando niveis descoñecidos pero moi, moi preocupantes. Deterioro que ten distintas manifestacións e intensidades segundo de que territorio se trate. Galicia non é unha excepción nin moito menos. Está en xogo tanto o noso futuro como moi especialmente o das novas xeracións. Velaí que a nova organización debe ter **a loita contra o cambio climático e a defensa do medio ambiente** como unha dos obxectivos estratéxicos centrais.

d) **Ideas progresistas:** debe darse en todo os eidos da actividade política, social, cultural a batalla política e ideolóxica pola hexemonía en Galicia das ideas progresistas. Ideas que defenden un: **Progresismo en positivo**. Os marcos discursivos da xustiza social, eixo ideolóxico motor das mareas, deben ser percibidos como unha idea central progresista fortemente social, valente, pero que non perda a amabilidade. **Progresismo afectuoso e amable**. Debemos ser recoñecidos nesta nova etapa pola amabilidade do discurso. Isto non ten que ver coa corrección política senón co trato familiar. **Progresismo non populista**. Debemos desterrar aqueles elementos do populismo que mereceron a crítica desde posicións republicanas. Principalmente debería concretarse no rexeitamento á idea dos cesarismos e os liderados carismáticos, e a verticalidade discursiva e organizativa. Tamén a idea de mesianismo, presente tanto en organizacións de ámbito estatal como galego. Agás as ideas que negan a materialidade democrática -por exemplo que cuestionan a igualdade entre mulleres e homes- debe recoñecerse a lexitimidade das posicións discrepantes. **Progresismo non sectario**. Debe haber un esforzo de empatía redobrado de comprender por que sectores da sociedade escollen ou abrazan outras opcións e ideoloxías, incluso (moi especialmente, deberíamos subliñar) as que nos resultan odiosas ou antidemocráticas. **Progresismo social**.

Ensanchar o discurso tódalas clases de rendas e medias baixas –que socioloxicamente se coñecen como clases populares-. Ampliación do espectro cidadán ao que dirixir formalmente no discurso e materialmente nas propostas a acción política. **Progresismo e benestar social.** Recuperar e ampliar os dereitos sociais e a xustiza social precisa dun **aparato institucional suficiente** para actuar, por iso cómpre reforzar o estado do benestar, e a súa manifestación competencial máis próxima: a autonomía do benestar. **Progresismo económico.** As políticas económicas deben contemplar a previsión dos ciclos económicos e recuperar a idea de investimento social, un neokeinesianismo en clave de mellora social e tecnolóxica, nomeadamente en sectores que xeren coñecemento e faciliten a vida dos demais.

e) **Dimensión da democratización da vida pública:** A crise da democracia representativa da última década non se saldou finalmente cunha demanda cidadá de proceso electoral máis frecuente, nin coa combinación coa democracia directa, nin sequera maioritariamente coa aspiración de procesos constituíntes.

Máis ben produciuse outro fenómeno: a necesidade de información plena como presuposto da liberdade de escolla no momento electoral. É dicir, demándase exercicio democrático da elección ben informado. Isto require un reforzo do discurso no ámbito da transparencia, no control democrático da acción de goberno e na liberdade e a obxectividade dos medios de comunicación, singularmente os públicos.

Correspóndenos traballar máis en consecuencia, no tema da “**información libre** para a construción institucional democrática”.

2. Bases de estratexia política:

a) Como estratexia política a nova organización debe fixarse como obxectivo traballar no Parlamento galego, nos concellos e deputacións, no tecido social, no mundo cultural e informativo, etc. pola creación dunha **maioría social** que sexa quen rematar nunha **maioría política** capaz de rematar co abafante dominio do Partido Popular e coa vista posta no horizonte das eleccións autonómicas do ano 2020.

Unha maioría social na que esta organización política sexa o polo da **soberanía nacional, a loita contra o cambio climático, a igualdade social e o feminismo, e a defensa do patrimonio cultural e lingüístico** de Galicia.

b) Unha estratexia para cuxa plasmación é preciso que a nova organización se apoie nun **equipo directivo capacitado**, con visión política e ideoloxía clara e si é posible con experiencia política. Equipo directivo no que deberan estar dirixentes sociais de recoñecido prestixio e claro compromiso con Galicia.

c) No camiño deica esa maioría social será necesario que a organización saia ao **encontro coa sociedade** e abre canles de comunicación, cooperación e traballo político cos líderes sindicais, os representantes e portavoces das distintas asociacións de carácter progresista, medios de comunicación independentes, entidades culturais de prestixio recoñecido...

d) Finalmente, e non menos importante, a organización debe reflexionar a fondo sobre a **conveniencia ou non de cambiar o nome**. Desgraciadamente EN MAREA está, hoxe por hoxe, moi queimada como referencia política

e) Resulta imprescindible ter unha **estratexia de comunicación** cara poder compensar a influencia duns medios de comunicación e opinión que na súa maioría son altofalantes do Partido Popular e bastante belixerantes coas entidades soberanistas.

3. Bases programáticas:

EIXO 1: APERTURA A NIVEL DE ESTADO ESPAÑOL DUN PROCESO CONSTITUINTE NO QUE SE RECOÑEZA O DEREITO A DECIDIR DOS POBOS DE ESPAÑA E SE PROCEDA A UNH AUTENTICA DEMOCRATIZACIÓN DO ESTADO QUE SE QUERE REPUBLICAN, FEDERAL LAICO:

1. Reforma constitucional que estableza que tódolos postos con responsabilidade política serán elixidos por sufraxio universal e ningún terá carácter hereditario. Igualmente tódolos cidadáns terán os mesmos dereitos e obrigas garantindo así a igualdade efectiva. Redefinición do niveis de poder político e responsabilidade das distintas instancias do estado.
2. Reforma constitucional que recoñeza o dereito a decidir dos pobos que constitúen o Estado español.

3. Garantía de que os votos de tódolos cidadáns son iguais.
4. Fomento da participación cidadán de tal xeito que os cidadáns poidan tanto fiscalizala laboura dos distintos partidos políticos como coñecer e controlar o uso dos fondos públicos.
5. Prohibición das donacións privadas aos partidos políticos e control do financiamento dos mesmos que debe ser transparente.
6. Regulamentación das relacións entre os políticos con responsabilidades e as empresas favorecidas con fondos públicos prohibindo "as portas xiratorias" durante un período mínimo de 5 anos.
7. Garantía de transparencia, pluralidade e independencia dos medios públicos de información e opinión.

EIXO 2: LOITA FIRME E DECIDIDA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO:

1. Impulso a transición enerxética.
2. Aposta por un sistema eléctrico público.
3. Loita contra as contaminacións atmosférica e acústica.
4. Política pública para a auga.
5. Melloras na recollida, xestión e tratamento dos residuos.
6. Promoción do transporte público. Impulso decidido ao ferrocarril como medio de transporte preferente de persoas e mercadorías.
7. Impulso a fiscalizade ambiental.
8. Freo a destrución do territorio.

EIXO 3: POSTA EN MARCHA DUN NOVO MODELO ECONÓMICO SOSTIBLE E SOCIAL QUE SUPERE AS POLÍTICAS NEOLIBERAIS E REMATE COA AUSTERIDADE. UN NOVO MODELO NO QUE A LOITA CONTRA AS DESIGUALDADES SOCIAIS E OS DESEQUILIBRIOS TERRITORIAIS SEXA UNHA PRIORIDADE:

1. Impulso dun pacto entre empresarios e traballadores que teña como obxectivos centrais a creación de emprego e a mellora dos salarios así como a redución do actual abano dos mesmos, a garantía do traballo, o endurecemento das posibilidades de despido, o reparto do tempo de traballo, a corresponsabilidade e conciliación,...
2. Reforma fiscal centrada tanto na loita contra a fraude fiscal como na procura da equiparación no trato fiscal as rendas de traballo e de capital. Introducción de gravámonos progresivos as grandes fortunas e patrimonios.
3. Auditoría cidadán das débedas públicas.
4. Recuperación para o patrimonio público das empresas nacionalizadas no seu día.
5. Creación dunha banca pública e fomento de pequenas entidades de crédito locais e cooperativas.
6. Redefinición dun novo modelo produtivo que teña como foco o mercado interno, a promoción das enerxías renovables, a protección do medio ambiente e os alimentos ecolóxicos.
7. Promoción e fomento do transporte público -ferrocarril, autobús...-.
8. Apoio financeiro e de servizos a pequena e mediana empresa e ao comercio polo miúdo.
9. Reforma federal da Axencia Tributaria e dotación de mais medios humanos, técnicos e financeiros cara tanto a mellorar a loita contra a fraude fiscal coma a unha maior colaboración coas Axencias Tributarias Autonómicas.
10. Novo modelo de financiamento autonómico que apoiado nunha Axencia Tributaria Galega garante a cobertura dos servizos básicos, a xustiza e a solidariedade territoriais.
11. Novo modelo de financiamento local que supón a derogación da LRSAL e o establecemento de novos criterios baseados na dispersión do territorio, as características poboacionais...

EIXO 4: RECUPERACION DOS DEREITOS SOCIAIS, DEFENSA DA XUSTIZA SOCIAL E CONSTRUCCIÓN DUN ESTADO DE BENESTAR AVANZADO:

1. Derogación das reformas laborais anteriores e negociación co movemento sindical dunha nova reforma laboral progresista.
2. Plan de fomento da igualdade de xénero, ampliación dos permisos de maternidade e paternidade, e impulso a conciliación e a corresponsabilidade.
3. Supresión dos privilexios da airexa católica.
4. Impulso a vivenda pública en aluguer.
5. Paralización inmediata dos desafiuzamentos.
6. Construción dun estado de benestar (sanidade, ensino, vellez, familia, dependencia, vivenda,..) a altura da media dos estados europeos.
7. Reforma progresista do sistema público de pensións e fin dos incentivos aos plans privados.
8. Fin a concertación co ensino privado.
9. Incremento substancial do financiamento público en I+D+i ata equipararnos aos estados europeos do noso entorno.
10. Redución do gasto militar

4. **Bases organizativas:**

Apuntes para un **Neoclasicismo organizativo** que, cunha organización minimalista, permita ao espazo político pervivir no tempo. Poderían ser algúns dos seguintes:

- **Estrutura territorial en todo o país.** Apertura inmediata de espazos deliberativos en todas as comarcas alá onde os espazos municipais non o favoreceron ou directamente o impediron. Creación de órganos de representación a nivel provincial e comarcal.
- **Oferta de maior ensamblaxe entre o espazo municipal e o nacional.** Preservación da autonomía política do espazo municipal pero abandono do cantonalismo.
- **Reforma dos tempos e morfoloxías das asembleas e plenarios.**
- **Revisión da idea de inscrito/a,** para evitar fraudes democráticas e ter datos realistas das persoas en condicións de implicarse na construción cotiá do espazo político.
- **Non se debe rexeitar a redactar uns novos estatutos** onde a organización presente unha estrutura máis próxima a dos partidos tradicionais. Un mínimo aparato burocrático resulta absolutamente imprescindible.

5

Explicación da emenda:

Estamos nun novo escenario político no que como suxeito político ocupamos un lugar moi distinto ao que ocupábamos, por caso, antes das derradeiras convocatorias electorais. Moita menor presenza institucional (parlamentos español e galego, concellos) que supón moito menor espazo que tamén mingua pola propia división de a antiga En Marea en dous novos suxeitos políticos. Todo isto nos coloca nunha dinámica na que a propia existencia como suxeito político está en xogo. Compre por iso definir con claridade quen somos, que espazo queremos ocupar, que estratexia e que tácticas adoptar tendo en conta que o calendario nos pon diante unhas eleccións autonómicas (outubro do 2020) que poden ser definitivas.

E necesario, xa que logo, abrir un debate interno i externo. E **contribuír a ese debate é o obxectivo desta emenda** que non quere ser un texto definitivo senón un punto de partida cara chegar a definir con claridade que somos, que defendemos, a onde queremos chegar e como pensamos que se pode chegar.

En base a isto a proposta e que coa celebración do PLENARIO iniciemos ese debate que no debe ir máis aló de decembro deste ano para comezar 2020 con unha estratexia e unha táctica claramente definidas cara un obxectivo que, repito, non pode ser outro que contribuír con outras forzas progresistas a desaloxar ao Partido Popular do goberno da Xunta de Galiza. Algo para o que tamén precisaremos ir ao encontro da sociedade galega para saber como é recibida a nosa nova mensaxe. Algo fundamental: se a nosa mensaxe, as nosas propostas non calan na

sociedade civil, especialmente nos seus sectores mais dinámicos, non hai nada que facer. A conxuntura é extremadamente difícil pero tamén, se algo nos ensina o sucedido nos derradeiros anos, moi volátil.

DITAME

PROPOSTA DA COMISIÓN DO PLENARIO E DO CONSELLO DAS MAREAS:

TRANSACCIONADA

Proposta:

Incluír os eixos programáticos como Anexo á tese política.